




**XORNADAS
DE MÚSICA
CONTEMPORÁNEA
2017**

**MÚSICA
[E OUTRAS
ARTES]**

7 out-25 nov
2017

Santiago de
Compostela

Sigma Project

VEN 20 OUTUBRO—20.30 h
Igrexa da Universidade

**Alberto Chaves
Andrés Gomis
Josetxo Silguero
Ángel Soria**

Programa

LECTURAS DIFERENCIADAS

Georg Friedrich Haas (1953)
Saxofon Quartet (2014)

Jacobo Gaspar (1975)
*Figuras con sólidos e líquidos*** (2017)

Peter Eötvös (1944)
Lectures différentes (2015)

Hilda Paredes (1957)
*Espacios intemporales** (2017)

Alberto Posadas (1967)
Knossos (2016)

* Estrea absoluta. Encargo do Sigma Project

** Estrea absoluta. Encargo do CNDM

Máis que un cuarteto de saxofóns, Sigma Project é a materialización dun desexo cumprido, un vehículo imprescindible para a música instrumental do século XXI. Se o cuarteto de corda foi o instrumento por excelencia da música culta en séculos pasados, Sigma Project reivindica ese papel para o cuarteto de saxofóns na actualidade. Na súa xa dilatada traxectoria, o cuarteto realizou máis de 150 concertos en auditorios de medio mundo: Estados Unidos, Arxentina (Teatro Colón), México (Palacio de Bellas Artes), Chile, Alemaña, Escocia, Francia, Italia, Polonia e Romanía.

Os seus compoñentes séntense imaxinativos exploradores, capaces de estimular aos compositores que se achegan ao seu son, xerando novas gramáticas nun verdadeiro laboratorio sonoro. Esta dinámica ten promovida máis de 40 estreas absolutas dos compositores máis importantes do panorama internacional e desenvolvido proxectos multidisciplinares con outras artes: vídeo, danza, literatura, teatro ou pintura. No eido discográfico, Sigma Project aporta o seu propio selo, Sigmarecords, co que edita o CD *Utopías: New Music for Saxophone Quartet* e o DVD *La Música para Saxofón* de Félix Ibarondo.

En 2017, Sigma Project presenta a estrea absoluta de seis novas obras de Alberto Posadas e Helga Arias (España), Hilda Paredes e Javier Torres-Maldonado (México), Simone Movio (Italia) e Rodrigo Lima (Brasil) na súa xira de concertos polos auditorios de Santiago de Compostela, Madrid, Bilbao, San Sebastián, Badaxoz e Sevilla, así como en Bos Aires, Santiago de Chile e Cidade de México. Sigma Project desenvolve a súa actividade co apoio do INAEM, o Instituto Etxepare da Eusko Jaurilaritza (Goberno vasco) e a casa alemá Ernst Von Siemens Musikstiftung. O cuarteto emprega instrumentos SELMER, accesorios VANDOREN e conta coa asistencia técnica de PUNTO REP.

Georg Friedrich Hass (Graz, 1953). O *Saxophone Quartet* é un encargo do KölnMusik GMBH e a European Concert Hall Organisation ao compositor austríaco Georg Friedrich Hass, estreado polo cuarteto de saxofóns SIGNUM o 26 de abril de 2015 en Colonia. Haas introduce neste cuarteto un fluxo continuo que ocupa o lugar dunha métrica recoñecible e que devén da repetición constante de notas nun pulso concreto. En palabras do compositor: "O desenvolvemento musical relevante non se produce na percepción inmediatas das pulsacións, senón nos cambios de estado destas pulsacións ao longo de todo o proceso, de maneira similar ás pinturas de Roy Lichtenstein, nas que as imaxes se forman por medio das figuras creadas por puntos, e non pola forma e cor destes puntos na súa individualidade".

Jacobo Gaspar (Mos, 1975) é titulado superior e profesor en Composición polo Conservatorio Superior de Vigo, realizou o Posgrao en Composición no Conservatorio Superior de Aragón con J. M. López López e é Dtor. en Musicoloxía pola Universidad de Oviedo. Recibiu premios como o XX Premio Jóvenes Compositores Fundación Autor – CDMC, na "VI International Jurgenson Competition for Young Composers" (Moscova), ou os premios especial e do público no "Isang Yun International Composition Prize 2013" (Seúl). Está interesado no son, na música e no uso artístico de toda a materia sonora. Con frecuencia, este interese pola totalidade do espazo sonoro materialízase a través de modelos extraídos, mimética ou simbolicamente, da contorna natural; non para destacar posibles significacións referenciais do son, senón como medio para afondar en espazos sonoros que, debido á súa complexidade acústica, son de especial atractivo para o autor. *Figuras con sólidos y líquidos* é un encargo do CNDM para estas Xornadas.

Peter Eötvös (Odorheiu Secuiesc, 1944) "A idea para *Lectures différentes* xurdiu nun ensaio con Klaus Michael Grüber ao que unha vez acudín en Berlín. Tres actores ensaiaban unha escea de Kleist. Ao rematar, Grüber pediulles que a fixeran 'outra vez, de xeito diferente'. O texto era o mesmo pero a interpretación foi totalmente distinta: non tiña nada que ver coa

versión anterior. É a mesma dirección que toma a miña peza, se a escena 1/A ten un carácter determinado, na escena 1/B Lectura diferente, o mesmo material interprétase de maneira totalmente distinta" (© Peter Eötvös).

Hilda Paredes (Tehuacán, Puebla 1957) afincada en Londres desde 1979, é admirada polas súas composicións que reúnen rigor modernista e amplas técnicas cunha vitalidade enraizada na tradición maia. Sobre o seu proceso compositivo, ela mesma di: "Unha das grandes cousas que aprendín de Mozart foi a economía de medios, cousa que manteño. Interésame moito, tamén, a cuestión arquitectónica da obra, a construción formal. Desenvolvín moitas maneiras diferentes de construír a miña música para que sexa sólida, se sosteña, e teño bastantes ferramentas baixo a manga [...] Gústame comunicar á xente que quere escoitar, que quere sorprenderse e descubrir os universos sonoros que eu mesma estou a descubrir ao facer música." *Espacios Intemporales* é un encargo de Sigma Project que conta co apoio da Ernst von Siemens Foundation.

Alberto Posadas (Valladolid, 1967). "*Knossos* é o primeiro cuarteto do ciclo *Poética del laberinto* e toma como título o nome da cidade cretense máis importante do período minoico. Segundo a tradición, en Knossos encóntrase o Labirinto de Creta creado por Dédalo para encerrar ao Minotauro. No século XIX descubriuse alí un pazo de gran complexidade que se considerou o xermolo da lenda mitolóxica. [...] Este cuarteto formula un itinerario por niveis microscópicos do instrumento. O uso de micro intervalos deriva dunha lixeira transformación das dixitacións tradicionais do saxofón, aportando á súa vez unha modificación tímbrica. Isto abre a afinación a un territorio case infinito. Evoca a idea do labirinto como espazo pechado de múltiples posibilidades. A obra plantexa ao igual que os labirintos, un mundo auto-referencial. Neste caso consecuencia dunha escritura sumamente idiomática e da similitude dos elementos que a conforman. *Knossos* trata de suxerir unha poética do extravío, sen perda de marco referencial, onde sexa o ouvinte o que cre o seu propio itinerario labiríntico de escoita". (©Alberto Posadas).



XORNADAS DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA 2017

MÚSICA [E OUTRAS ARTES]

AUDITORIO DE GALICIA
Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES
T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS
T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacapitalcultural.gal

Próximos concertos

OUTUBRO

MAGDALENA LLAMAS, mezzosoprano
LUIS FERNANDO PÉREZ, piano
Sáb 21—20.30 h—Parainfo da Universidade

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA
Casiano Mouriño Maquieira, director
Dom 22—12.00 h— Teatro Principal

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Paul Daniel, director
Xov 26—20.30 h—Auditorio de Galicia*
Ven 27—18.30 h—Auditorio de Galicia**

PAULO p., gaita—**BERTA FRESCO**, piano
Ven 27—20.30 h—Parainfo da Universidade

VERTIXE SONORA ENSEMBLE
Sáb 28—20.30 h—CGAC

**GRUPO DE DANZA CONTEMPORÁNEA DO
CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA
DE LUGO- GRUPO DE PERCUSIÓN DO
CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA
XOÁN MONTES DE LUGO**
Diego Ventoso, director
Dom 29—12.30 h
Auditorio de Galicia- Sala Mozart

NOVEMBRO

VOX STELLAE
Luis Martínez, director
Ven 3—20.30 h— Igrexa da Universidade

* Entrada 15 euros (con descontos do 50%)

** Entrada 5 euros



Deputación
DA CORUÑA